

Na procura de maior visibilidade dos novos dramaturgos e dramaturgas, continuamos cunha terceira edición do Certame de Nova Dramaturxia Galega Actual convocado por Feira do Leste e co apoio da Deputación de Pontevedra.

1. Poderán concorrer ao Certame todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutros certames, que estean escritos en lingua galega.
2. As **OBRAS** serán de temática e extensión libre. E nelas deberá procurarse o bo uso da lingua galega. Cada autor poderá presentar máis dunha obra.
3. O **PREMIO** consta da edición e publicación da obra gañadora dentro dun volume xunto con outras pezas de dramaturgos galegos actuais. Así mesmo, o gañador recibirá 10 exemplares da obra como compensación dos dereitos de autor. Poderase outorgar o premio a varias obras ou autores se así o estima o xurado e a organización.
4. O **PRAZO** de presentación de orixinais comeza o 7 de xaneiro e remata o 26 de marzo de 2021 ás 23.59h.
5. O **ENVÍO** das obras farase exclusivamente a través do formulario de inscrición da páxina web oficial do certame ou mediante o correo electrónico certame@novadramaturxia.feidadoleste.com. Enviaranse dous arquivos: un coa obra (con título e lema) e a plica (no que constará o nome e apelidos do autor, lema, título e breve sinopse da obra, teléfono e email).
6. O **XURADO** estará conformado por profesionais do teatro e do mundo da cultura e prestarán especial atención á innovación dramaturxica, as novas linguaxes contemporáneas e a singularidade temática das pezas. A elección das obras será anónima.
7. Os orixinais non premiados serán destruídos.
8. Se durante o tempo de presentación e deliberación a obra presentada recibise algún premio ou fose editada, o autor deberá comunicalo á organización do certame.
9. O feito de participar neste certame supón a aceptación total destas bases. O non previsto nelas será resolto pola organización.